

ADMINISTRACIÓN DEL ESTADO

MINISTERIO DE AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN Y MEDIO AMBIENTE
DIRECCIÓN GENERAL DE SOSTENIBILIDAD DE LA COSTA Y DEL MAR

SERVICIO PROVINCIAL DE COSTAS DE PONTEVEDRA

INFORMACIÓN PÚBLICA DE LA MEMORIA VALORADA DE “SENDA LITORAL EN LA ENSENADA DE O ESTEIRO, TÉRMINO MUNICIPAL DE O GROVE (PONTEVEDRA)”

Proyectándose la ejecución de las obras de referencia, según Memoria Valorada suscrita por el Servicio Proyectos y Obras de Pontevedra, se hace público por medio de este anuncio que la mencionada documentación se halla a disposición de cuantos quieran examinarla y presentar, en consecuencia, las alegaciones que estimen pertinentes a su derecho, dentro del plazo de veinte (20) días naturales, contados a partir de la publicación del presente anuncio en el Boletín Oficial de la provincia de Pontevedra, indicando que, a tal fin, el citado proyecto estará a su disposición en las dependencias del Servicio Proyectos y Obras Pontevedra (C/San José, 6 – 36 071 Pontevedra) en horas de oficina, así como en las dependencias del Ayuntamiento de O Grove.

Pontevedra, a 2 de septiembre de 2013.—La Jefe del Servicio Provincial de Costas, Cristina de Paz-Curbera y Llovet. 2013007857

XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR

Servizo de Relacións Laborais

CONVENIO O ACORDO

**LIMPEZAS PISUERGA, S.A. GRUPO NORTE - LIMPISA
(PERSONAL DE LIMPEZA DO HOSPITAL MEIXOEIRO DE VIGO)**

Código de Convenio número 36100021032013

Visto o texto do laudo arbitral sobre o conflito plantexado na empresa LIMPIEZAS PISUERGA, SA - GRUPO NORTE, LIMPISA (Limpeza do Hospital Meixoeiro de Vigo), sobre diferenzas na interpretación do artigo 19 e seguintes do convenio de empresa, na materia de días de libre disposición, foi dictado o día 5 de xullo de 2013, e tivo entrada na Xefatura Territorial da consellería de Traballo e Benestar, en Vigo o 19 de xullo de 2013, de conformidade co disposto no art. 90, 2 e 3, do Real decreto legislativo 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, Real Decreto 713/2010, de 28 de maio, sobre rexistro e depósito dos convenios e acordos colectivos de traballo, artigo 24.4 do Acordo interprofesional galego sobre procedementos extraxudiciais de solución de conflitos de traballo (AGA) e Real decreto 2412/82, do 24 de xullo, sobre traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia, en materia de traballo, esta xefatura territorial territorial,

A C O R D A :

Primeiro.—Ordenar o seu rexistro e depósito no Rexistro de Convenios e Acordos Colectivos de Traballo da Comunidade Autónoma de Galicia, creado mediante Orde do 29 de outubro de 2010 (DOG nº 222, do 18.10.2010).

Segundo.—Dispoñer a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

Terceiro.—Ordenar a notificación desta Resolución a Mesa Negociadora do mesmo.

JOSE M^a CASAS DE RON, designado árbitro según o previsto no artigo 20 do Acordo Interprofesional Galego sobre procedementos Extraxudiciais de Solución de Conflictos de Traballo (AGA), pola partes en conflito na empresa LIMPIEZAS PISUERGA, S.A-, Grupo Norte - LIMPISA,(Hospital Meixoeiro-Vigo) resolve a cuestión plantexada ditando o seguinte laudo, baseándose nos seguintes

ANTECEDENTES

- 1.— En data 5 de Xuño de 2013, constituíuse o procedemento de arbitraje, segundo escrito de promoción do procedemento de arbitraje, e a firma do compromiso arbitral na empresa de referencia, motivado polas diferencias na interpretación do art. 19 e concordantes do vixente Convenio Colectivo da empresa (BOP 18.09.2012), na materia de días de libre disposición. Foi designado árbitro de mutuo acordo José M^a Casas de Ron.
- 2.— No procedemento son partes D. Clemente Hermida Cachalvite, apoderado e D. Juan Antonio Manso Fernández, letrado, representantes da empresa antedita, e por parte dos traballadores: D^a Montserrat Monteagudo Martínez , D. Edelmiro Martínez Troncoso e D. Jesús M^a Alvarez Fernández, Presidenta, Secretario e Membro do Comité de Empresa, respectivamente, representantes legais os tres da UGT, asesorados por D^a Rosa M^a Acuña Salgado, Secretaria de Organización FES-UGT Galicia.
- 3.— O árbitro consonte o establecido no Acordo Galego, citou a D^a Pilar Vázquez Rial de CCOO, e Francisca Araujo Collazo da CIG, membros do Comité de Empresa, en trámite de audiencia, ao fin de averiguar si estaban interesadas en participar no procedemento. No transcurso da comparecencia o árbitro significou que estaba iniciado pola maioría do Comité de Empresa. As dúas membros do Comité de Empresa, manifestaron ante o árbitro actuante que entendían que non debían participar no mesmo.
- 4.— O conflito radica na diferente interpretación que as partes fan sobre a aplicación do art. 19 do Convenio Colectivo da empresa, publicado no BOP o 18.09.2012, n^o 80, páxina 6, que literalmente dí “Además, se tendrá derecho al mismo número de días de permiso, de los denominados moscosos, que disfrute el personal del SERGAS de las categorías de la escala de servicio del grupo el personal subalterno (Grupo E), que se regulan en el Estatuto de personal no sanitario al servicio de las instituciones sanitarias de la Seguridad Social, y que actualmente están establecidos en 9 días anuales, y dos días más adicionales al cumplir el sexto trienio, y un día más a partir del octavo”
- 5.— A parte social significa que este art é contido dun convenio colectivo de empresa que é de aplicación indispoñible, sen perxuício dos días que na actualidade teña o persoal do SERGAS como de asuntos propios; Sinalan que cando se pactou o convenio colectivo, sufriron unha diminución de dereitos en materia de xornada e rebaixas salariais, que implican que non se poida aplicar o sistema de días de asuntos propios ou moscosos establecido no SERGAS, para os traballadores y traballadoras dunha empresa que aceptaron unha negociación colectiva propia, con sacrificios tan grandes; entenden que non se pode empeorar sobre a base das rebaixas anteditas, que na práctica non ten custe para a empresa, que non perxudica o servizo, e aínda máis, que unha interpretación sistemática do precepto, implicaría que ten que aceptarse a argumentación dos representantes legais dos traballadores. Asemesmo, reflicten que traballadores da empresa disfrutaron os 9 días no transcurso da vixencia do convenio colectivo dende 2012.
- 6.— A representación da empresa manifesta que a equiparación global entre o persoal da empresa e do SERGAS, non pode ser considerada doutra forma que como unha mellora global na negociación colectiva. De admitirse un sistema diferente, por materias específicas, elixidas á carta, provocaríanse unhas disfuncións moi importantes, que farían ineficaz a negociación colectiva. O Convenio Colectivo firmouse o 16.02.2012, cunha vixencia ata o remate do 2013, e manifesta que unha vez que por parte do SERGAS se modificaron os denominados días de asuntos propios ou “moscosos”, e os denominados días a maiores “canosos”, na empresa procedeuse a aplicar o mesmo réximen en función, da equiparación na negociación colectiva e da dicción literal do propio art. 19 do Convenio Colectivo. Manifesta que en ningún caso, salvo no primeiro trimestre do 2012, no que non era de aplicación o novo rexime regulado polo SERGAS, a empresa concedeu máis días de libre disposición que os fixados, sen que se disfrutaran máis de eses días

libres. En definitiva se ben, no ano 2011, se disfrutaron 9 días de libre disposición e os días adicionais por antigüidade, no ano 2012 disfrutáronse 6 días de libre disposición e o días adicionais por antigüidade, e no ano 2013 3 días de libre disposición e xa non se disfrutaron os días adicionais por antigüidade.

- 7.— As anteriores aportacións están referidas en base ás manifestacións efectuadas ante o árbitro os días 5 e 10 de xuño, e os escritos de alegacións remitidos ao mesmo unha vez que o árbitro comunicou ás partes que poderían trasladar as súas consideracións por escrito, en apoio da súa pretensión. Asemesmo o árbitro fai constar que tivo que faer uso do prazo excepcional previsto no Acordo Galego, ó ter que revisar tódolos partes de traballo da empresa dentro do período, a fin de averiguar o efectivo disfrute dos días de libre disposición e a maiores por antigüidade referidos, e contrastar os partes documentais remitidos pola empresa e os remitidos pola parte social.
- 8.— O árbitro considera plenamente garantidos os principios de igualdade, contradicción e publicidade que se establecen no Acordo Galego para a solución extraxudicial de conflitos colectivos de traballo, como principios básicos do seu procedemento.

FUNDAMENTOS DA RESOLUCIÓN ARBITRAL

O actuante aos efectos de delimitar o suposto a dirimir, establece que estamos ante un conflito xurídico pola interpretación debida nun específico art do convenio colectivo da empresa, na literalidade expresada no antecedente número 4. Neste art estabécese como elementos decisivos os seguintes: Consta a expresión “o mesmo número de días de permiso”, consta a expresión “que disfrute o persoal do SERGAS”, e consta a expresión, “que actualmente están establecidos.” Como ben se sabe, as regras de interpretación establecidas no art. 3 do Código Civil, implican que a primeira das interpretacións sexa a literal, complementada coa interpretación lóxica, sistemática, e a finalista, ó fin de averiguar o sentido do escrito. Pos ben, os anteriores elementos, lévanmos xa directamente a entender que non cabe outra interpretación que o que se dí literalmente no art 19 do Convenio Colectivo de Empresa, que ten como significado a equiparación nesa materia concreta co réxime establecido para o persoal do SERGAS.

A parte social manifesta que na negociación do convenio colectivo os traballadores asumiron unos determinados sacrificios ou rebaixas en materias moi importantes para o desenvolvemento da relación laboral. Analizando polo árbitro as actas do proceso negociador vense estas, e outras cuestións, pero non cabe, para quen ten que interpretar o sentido xurídico, en un conflito deste tipo, dunha determinada norma, que tomar como primeiro elemento o escrito e o acordado polas partes, por ser cuestión establecida para a interpretación das normas e tamén, por non introducir elementos de inseguridade xurídica, que de seguro se motivarían, si a primeira das interpretacións non fora precisamente o que as partes escribiron nos seus propios termos e acordaron así.

Por outra banda, o anterior compadécese, salvando os lexítimos intereses de parte, e especificamente valorando este árbitro os recortes aceptados na negociación de convenio pola representación social, cunha interpretación sistemática, como a que implica que no convenio colectivo da empresa, procedeuse a unha equiparación laboral para os días de libre disposición, co persoal do sistema público galego, e especificamente no art 19, unha equiparación co persoal das escalas de servicio do grupo de persoal subalterno (Grupo E), regulado no Estatuto de Personal no sanitario ó servicio das institucións sanitarias da Seguridade Social. É dicir, a equiparación global ten a súa correspondencia para o caso concreto dos días de libre disposición previstos no art 19 do Convenio Colectivo da empresa.

A segunda das cuestións era averiguar qué réxime se seguiu na empresa de xeito fáctico. Coa salvedade do primeiro trimestre do ano 2012, as averiguacións do árbitro non poden concretar, salvo algún caso aillado outro réxime, que o reflectivo anteriormente de 6 días de libre disposición no ano 2012 e 3 días de libre disposición no ano 2013; é dicir, que fácticamente a realidade non quebrou ó réxime xeral organizativo establecido.

En definitiva este é o argumentario de fundamentación do presenta laudo, efectuado polo árbitro e tendo en conta as manifestacións das partes, tanto nos actos de comparencia como nos dous pliegos de alegacións efectuados polas partes, asi como as averiguacións documentais efectuadas polo actuante sobre o réxime e contido dos denominados días de libre disposición.



En base, ao anterior, e consonte ao art 20 do Acordo Galego para a solución extraxudicial de conflitos colectivos de traballo (AGA), dicto o seguinte

LAUDO

Único: O número de días de libre disposición previstos no art 19 do Convenio Colectivo da empresa LIMPIEZAS PISUERGA, S.A. LIMPISA (Hospital Meixueiro-VIGO), será o mesmo que o que disfruten o persoal do SERGAS, das categorías da escala de servizo do grupo de persoal subalterno (GRUPO E), e que actualmente están establecidos en 3.

O presente laudo poderá recorrerse ante a xurisdicción social nos termos establecidos no apartado 5º do artigo 24 do AGA.

Vigo, 5 de Xullo 2013. — O árbitro, José Mª Casas de Ron.

Vigo, a 26 de xullo de 2013. — A Xefa Territorial, María Rita Peón Fernández.

2013007098

ADMINISTRACIÓN LOCAL

DEPUTACIÓN PROVINCIAL

Corrección de erro: Dereitos de exame

No Boletín Oficial da Provincia nº 175, de data 12 de setembro de 2013, publicouse a convocatoria para cubrir interinamente unha praza de técnico auxiliar de tradución vacante no cadro de persoal funcionario da Deputación Provincial.

Advertido erro na determinación do importe dos dereitos de exame, ó abeiro do establecido no artigo 105.2 da Lei 30/92, de 26 de novembro, rectificase dita convocatoria no senso que na base quinta apartado segundo, onde di: “a cantidade a aboar en concepto de dereitos de exame ascende a un total de 30 €”, debe dicir: “a cantidade a aboar en concepto de dereitos de exame ascende a un total de 15 €”

Pontevedra, a 12 de setembro de 2013. — A Deputada Delegada, Begoña Estévez Bernárdez.

AYUNTAMIENTOS

PONTEVEDRA

EDICTO

Exposición pública do padrón de contribuíntes suxeitos á taxa pola utilización privativa ou aproveitamento especial por ocupación de terreos de uso público con mercadorías, materiais de construción, cascallos, valados, puntais, cabaletes, estadas e outras instalacións análogas para o período impositivo do mes de setembro 2013.

Lugar: Servizo de Xestión Tributaria e outros Ingresos de Dereito Público (Campo do Boi 4, esquina a Xofre de Tenorio núm. 5).

Horario: de luns a venres, de 9:00 a 13.30 horas

Prazo: Ata o 18 de novembro de 2013.

Exponse ao público ata o 18 de novembro de 2013 o Padrón de contribuíntes suxeitos a taxa pola utilización privativa ou aproveitamento especial por ocupación de terreos de uso público con mercadorías, materiais de construción, cascallos, valados, puntais, cabaletes, estadas e outras instalacións análogas correspondente ao período impositivo do mes de setembro de 2013 aprobado, en data 06/09/2013, por Resolución da titular do Órgano de Tesouraría e Xestión Tributaria.